

NORMATIVA ESPECÍFICA “NADA E CORRE”, Tempada 2016.

1. Nas probas só se poderá participar con licenza federativa ou facendo licenza por un día (custo 6 euros). Categorias: prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete. Engádesse a modalidade de Paratriatlon.
As licenzas de un día só serán válidas nas probas clasificatorias. Para poder participar na Final Galega hai que estar en posesión de licenza federativa anual.
2. Celebraranse **4** citas clasificatorias/**zonais** e unha final. **Nas probas clasificatorias poderán participar tódolos deportistas do Clubs Galegos que o desexen, segundo a súa situación xeográfica.**
3. Para a final Galega clasificaranse os 4 primeiros de cada proba por categoría e sexo, non computando os xa clasificados en probas anteriores, mais 2 prazas para os mellores sumatorios de marcas entre todas as previas.
4. En cada proba outorgaranse medallas acreditativas ós 3 primeiros clasificados masculinos e femininos de cada categoría.
5. Na final autonómica entregaránselle trofeos ós tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada categoría. Tamén haberá clasificacións por equipos*
6. Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo tratando de conformar as mesmas en base ós tempos de nado que estimen os adestradores. **Establécese que a partir de 120 inscritos na proba, as categorías Cadete e Infantil competirán dous nadadores por rúa. Non se admitirán inscricións sen o envío dos tempos.** Na final estableceranse as series en función das marcas das xornadas previas.
7. Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría saían máis de 20 cativos poderá haber unha saída A e outra B con igual número de cativos, segundo o orde da clasificación da natación. A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.
8. Distancias:
Prebenxamín 25 metros natación 250 metros carreira
Benxamín 50 metros natación 500 metros carreira
Alevín 100 metros natación 500 metros carreira
Infantil 200 metros natación 1000 metros carreira
Cadete 400 metros natación 2000 metros carreira
9. Calendario:
Probas clasificatorias e Final
Xaneiro-Febreiro-Marzo
10. Inscricións:
Ata o martes anterior á proba, enviándoa á Federación a través de email (fegatri@hotmail.com) ou fax (982 109 800). (Nota: **enviando nun Excel o nome, apelidos, data de nacemento, club e tempo de natación**).
Para as licencias de un día hai que enviar a copia do DNI e do xustificante de pago.
11. **COMUNICACIÓN DE BAIXAS**: Estas deben ser comunicadas antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba).
As baixas non comunicadas en prazo terán unha penalización de 2 euros por neno/a non presentado (dita penalización será aboada polo Club)

* Habará unha única clasificación global: 1º Club, 2º Club e 3º Club. Esta clasificación sairá da suma dos resultados das seis mellores categorías de cada Club. Sumará a participación de cada neno (por posto acadado), segundo a seguinte táboa:

1º	21	11º	8
2º	19	12º	7
3º	17	13º	6
4º	15	14º	5
5º	14	15º	4
6º	13	16º	3
7º	12	17º	2
8º	11	18º	1
9º	10		
10º	9		

*** A Federación asumirá os gastos de: medallas, trofeos, (é xuíces na Final Galega).

ZONAS:

Zona1: Carballo-Coruña-Ferrol-Lugo (2 probas)

Zona 2: Ourense-Pontevedra-Riveira-Santiago-Vigo (2 probas)

Final Galega (1 proba)